



Guía Docente				
Datos Identificativos				2011/12
Asignatura (*)	Teoría da educación	Código	652G02001	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Cruz Lopez, Laura	Correo electrónico	laura.cruz@udc.es	
Profesorado	Cruz Lopez, Laura	Correo electrónico	laura.cruz@udc.es	
Web				
Descrición xeral				

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao período de 6-12, no contexto familiar, social e escolar.	A1		
Analizar e comprender os procesos educativos na aula e fóra de ela relativos ao período 6-12.	A7		
Coñecer os fundamentos da educación primaria.	A8		
Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan.	A9		
Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país e os condicionantes políticos e legislativos da actualidade educativa	A10		
Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en educación primaria	A17		
Relacionar a educación co medio, e cooperar coas familias e a comunidade	A22		
Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico	A34		
Fomentar e resolver problemas vinculados coa vida cotiá	A40		
Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro	A64		
Aprender a aprender		B1	
Resolver problemas de forma efectiva		B2	
Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.		B3	
Traballar de forma autónoma con iniciativa. Traballar de forma colaborativa.		B4	
		B5	
Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.		B7	
Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados lóxicamente		B8	
Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.		B9	
Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.		B14	
Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.		B15	
Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente.		B16	
Capacidade de análise e de autoavaliación tanto do propio traballo como do traballo en grupo		B17	
Compromiso ético para o exercicio das tarefas docentes.		B18	
Capacidade de adaptarse a novas situacións nunha sociedade cambiante e plural.		B19	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1



Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Explicación e comprensión do feito educativo.	1.1. A Teoría da Educación: niveis de análise e planos explicativos. 1.2. Ámbito conceptual: caracterización científica da educación. 1.3. Natureza e funcións sociais da educación.
2. Dimensións, fins e principios da educación.	2.1. Dimensións presentes en toda práctica educativa. 2.2. Fins, valores e principios deontolóxicos da educación. 2.3. Relacións estruturais entre educación e sociedade. A institución escolar como produto social. 2.4. Aproximación aos paradigmas en educación e movementos pedagóxicos contemporáneos.
3. O dereito á educación.	3.1. Educación e Estado Social: aspectos xerais do dereito á educación. 3.2. Lexislación e dereito á educación: perspectiva nacional e internacional. 3.3. Dereito á educación: igualdade, liberdade e calidade. 3.4. A institucionalización da educación: os sistemas educativos nacionais.
4. A educación como proceso de comunicación interpersonal.	4.1. Comunicación e educación. 4.2. A mediación pedagóxica: sentido, tipoloxía e significados. 4.3. Comunicación e saber profesional: O educador/a como profesional. Tensións e incertidumes do profesorado actual.
5. Educación ao longo da vida e sociedade educativa.	5.1. A educación ao longo da vida: concepto, necesidade e evolución histórica. 5.2. Sociedade educativa: proxecto educativo de cidade; cidades amigas da infancia; etc.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	3	0	3
Sesión maxistral	15	0	15
Análise de fontes documentais	12	20	32
Recensión bibliográfica	0	25	25
Estudo de casos	3	15	18
Presentación oral	4	5	9
Traballos tutelados	0	10	10
Portafolios do alumno	0	10	10
Proba de ensaio	0	6	6
Discusión dirixida	6	0	6
Eventos científicos e/ou divulgativos	2	4	6
Atención personalizada	10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Actividades iniciais	Nas primeiras sesións de clase levaranse a cabo actividades de carácter expositivo, por parte do/a profesor/a, nas que se presentará o programa da materia e a dinámica metodolóxica establecida para o mellor desenvolvemento da mesma.
Sesión maxistral	Exposición oral dos contidos da materia diante do alumnado, complementada co uso dos recursos pertinentes (textuais e/ou audiovisuais) e a introdución de preguntas dirixidas ao alumnado para motivar a reflexión e o diálogo aberto. A obxectivo final pasa pola transmisión de coñecementos e ao tempo facilitar a súa aprendizaxe, potenciando a participación dos/as estudantes na construción significativa do coñecemento.
Análise de fontes documentais	Análise crítica e reflexiva de documentos e fontes relevantes (bibliográficos, lexislativos, audiovisuais, xornalísticos...), o que implica a identificación e comprensión dos aspectos clave en relacións cos contidos da materia, co fin de interpretar e cuestionar a realidade que se nos amosa.
Recensión bibliográfica	Proceso de lectura crítica dun libro, artigo ou calquera outro documento escrito. Comprende ademais da lectura da obra en cuestión, a análise do seu contido, unha crítica e mesmo unha valoración en relación con outros documentos de igual ou parecida natureza.
Estudo de casos	Consiste na procura e/ou achegamento dunha serie de casos ou experiencias educativas para o seu estudo, análise e discusión á luz dos referentes teóricos da materia.
Presentación oral	Exposicións de traballos realizados tanto de xeito individual como colectivo, diante do grupo de referencia, procurando tirar algunhas conclusións sobre o problema de investigación, documento ou experiencia abordada.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado baixo a tutela e seguimento por parte da/o docente. Tendo como referencia os contidos e a bibliografía da materia, e coas orientacións que a profesora estime oportunas, realizarase en grupo (4-5 persoas) un traballo de ampliación sobre un dos 5 bloques temáticos, que contemplará a recensión dun libro, a busca e análise de novas de prensa, e un estudo de caso sobre unha experiencia, un programa ou recurso relacionado. Será preciso desenvolver, como mínimo, dúas sesións de tutoría nas que presentar o guión do traballo e facer o seguimento do mesmo. As datas serán acordadas na aula. Ademais de ser incluído no cartafol, cada grupo expoñerá nunha sesión interactiva, o seu traballo, co obxecto de compartilo e sometelo a debate e valoración.
Portafolios do alumno	Dossier ordeado por seccións, debidamente identificadas e paxinadas, no que se recollen os rexistros e/ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado. Realizarase a nivel grupal (entre 4-5 integrantes) e incluíranse aquelas actividades indicadas pola/o docente, referentes tanto ás sesións expositivas como interactivas, e que poden abranger: notas de clase, mapas conceptuais, glosarios, recensións de fontes documentais, resumo de eventos científicos e/ou divulgativos... De cada actividade recollerase ademais unha valoración sobre a práctica desenvolvida (contidos abordados, competencias adquiridas, metodoloxía aplicada...). Así mesmo, presentarase ao final unha autoavaliación individual do proceso de aprendizaxe, das competencias adquiridas, do grao de participación e implicación, do tempo dedicado... O cartafol é froito do traballo tutelado e continuo en torno aos diferentes núcleos temáticos que se iniciarán na aula pero que requirirá do traballo autónomo do alumnado ?previo e posterior?, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada da profesora, na aula e no horario de tutorías.
Proba de ensaio	Pretende determinar os logros do alumnado en termos de obxectivos. Procura avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión e a organización de ideas relativas aos contidos da materia. Valorarase a rigorosidade da resposta, combinada coa capacidade de razoamento (argumentación, relación entre ideas, comparación...), creatividade e espírito crítico. Implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.
Discusión dirixida	En base a lecturas previas de carácter obrigatorio, a través das que recollen diferentes argumentacións sobre unha temática, favorecendo o debate e contraste de opinións fundamentadas, coa finalidade de que o alumnado constrúa unha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade socioeducativa.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia e participación en actividades de carácter científico e/ou divulgativo (congresos, xornadas, simposios, cursos, conferencias, exposicións...), que teñan relación coa materia. Deben entenderse como unha estratexia complementaria de formación e nunca como substitutiva de outras.

Atención personalizada



Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Presentación oral Traballos tutelados Portafolios do alumno Recensión bilbiográfica	Para o desenvolvemento do traballo tutelado (no que se inclúe unha recensión bibliográfica e estudo de casos), para a súa presentación oral e para a realización do portafolios (no que se integran diversas prácticas desenvolvidas nas sesións expositivas e interactivas), será preciso acudir, como mínimo, a dúas sesións de tutoría, nas que facer o seguimento por parte da docente. Estas sesións serán indicadas na aula.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba de ensaio	Pretende determinar os logros do alumnado en termos de obxectivos. Procura avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión e a organización de ideas relativas aos contidos da materia. Valorarase a rigorosidade da resposta, combinada coa capacidade de razoamento (argumentación, relación entre ideas, comparación...), creatividade e espírito crítico. Implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.	30
Presentación oral	A valoración do traballo presentado terá carácter grupal. Será por elo preciso que cada grupo estableza unhas normas de autorregulamento mínimas que faciliten a dinámica de traballo en tódolos casos. Valorarase: a orde na exposición; a claridade e corrección lingüística; a capacidade de síntese das ideas fundamentais; o nivel de profundidade na abordaxe da temática que amose a súa comprensión; a linguaxe non verbal e utilización do espazo; a creatividade (presentación suxestiva, motivadora, dinamizadora da participación das/os compañeiros/as...); o uso de recursos...	10
Traballos tutelados	Deberá incluír unha recensión sobre un libro relacionado coa temática, a análise de novas de prensa, así como o estudo de caso sobre unha experiencia, programa, recurso... Valorarase especialmente: a coherencia interna; a profundidade do contido; a capacidade para establecer sinerxías; o tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar; a utilización de fontes documentais complementarias e actuais; a presentación; entre outros.	30
Portafolios do alumno	Dossier ordeado por seccións, debidamente identificadas e paxinadas, no que se recollerán os rexistros e/ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado. Recolleranse, como mínimo, o rexistro dunha sesión expositiva (mapa conceptual, glosario, reflexión grupal sobre os contidos, aplicación á Educación Primaria...) e de tres prácticas de sesións interactivas (discusión dirixida, análise de fontes documentais, presentación oral, estudo de caso...), e unha autoavaliación individual en relación ás aprendizaxes e competencias desenvolvidas na materia, o grao de implicación persoal nas actividades e traballos grupais... Na cualificación do cartafol, contéplase o traballo final (20 pto.) e a asistencia a clase (10 pto.). Valorarase a capacidade reflexiva en relación á propia aprendizaxe; a evolución da aprendizaxe reflectida nas prácticas recollidas en relación ao grao de profundidade do contido; a capacidade para establecer sinerxías; o tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar; a utilización de fontes documentais complementarias e actuais; a presentación; entre outros.	30

Observacións avaliación

1.- Para superar a materia é imprescindible ter superadas todas e cada unha das actividades de avaliación. En caso contrario a cualificación será de suspenso. Gardaranse as partes aprobadas durante a convocatoria anual. 2.- A asistencia e participación activa e esixente nas dinámicas de aula serán consideradas de forma positiva no proceso de avaliación. 3.- Calquera circunstancia persoal que poida alterar o seguimento da materia por parte do alumnado deberá ser comunicada para a súa oportuna e axeitada consideración. Para o alumnado que, por razóns debidamente acreditadas, non teña unha asistencia sistemática, establécense os seguintes criterios de avaliación:
Recensión e exposición oral dun dos libros da bibliografía básica, que deberá ser acordado coa profesora a inicios de curso para a convocatoria de xaneiro, e a inicios do segundo cuadrimestre para a convocatoria de xullo (30%). Proba de ensaio nos mesmos termos que o alumnado asistente (70%). 4.- Para acollese á modalidade presencial, cómpre ter unha asistencia mínima do 85%.





Bibliografía básica

- Asociación Internacional de Ciudades Educadoras (2004). Carta de Ciudades Educadoras.. <http://www.bcn.es/edcities/aice/adjunts/Carta%20Ciudades%20Educadoras%20%202004.pdf>
- Dirección General de Educación y Cultura (2004). Competencias para un aprendizaje a lo largo de la vida de 2005. Un marco de referencia europeo. . Comisión Europea.
- Dewey, John (1995). Democracia y educación.. Madrid: Morata.
- Fernández Enguita, Mariano (2001). Educar en tiempos inciertos. . Madrid: Morata.
- Gimeno, José (2003). El alumno como invención. . Madrid: Morata.
- Freire, Paulo (2006). El grito manso.. Buenos Aires: Siglo XXI.
- Trilla, Jaume (coord.) (2001). El legado pedagógico del siglo XX para la escuela del siglo XXI.. Barcelona: Graó.
- Esteve, J. Manuel (1994). El malestar docente.. Barcelona: Paidós.
- Trillo, Felipe (1994). El profesorado y el desarrollo curricular: tres estilos de hacer escuela.. Cuadernos de Pedagogía, 228, 70-74.
- Gimeno, José e Carbonell, Jaume (coords.) (2003). El sistema educativo. Una mirada crítica.. Barcelona: CISS-Praxis.
- Apple, Michael e Beane, James A. (1999). Escuelas democráticas.. Madrid: Morata-Paideia.
- Cuesta, Raimundo (2005). Felices y escolarizados. Crítica de la escuela en la era del capitalismo.. Barcelona: Octaedro.
- Fernández, Mariano; Mena, Luis e Riviere, Jaime (2010). Fracaso y abandono escolar en España.. Barcelona: Obra Social Fundación ?La Caixa?.
- Merieu, Philippe (1998). Frankenstein educador.. Barcelona: Laertes.
- Tiana, Alejandro; Ossensbach, Gabriela e Sanz, Florentino (coords.) (2002). Historia de la educación (Edad Contemporánea).. Madrid: UNED.
- Filho, Lourenço (1992). Introducción al estudio de la Escuela Nueva. . Buenos Aires: Kapelusz.
- Carbonell, Jaume (2001). La aventura de innovar. El cambio en la escuela.. Madrid: Morata.
- Tonucci, Francesco (1997). La ciudad de los niños. Un modo nuevo de pensar la ciudad.. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- Imbernon, Francisco (coord.) (1999). La educación en el siglo XXI. Los retos del futuro inmediato. . Barcelona: Graó.
- Delors, Jacques (1996). La educación encierra un tesoro. . Madrid: Santillana. Ediciones UNESCO.
- Fernández Enguita, Mariano (1999). La escuela a examen. . Madrid: Psicología Pirámide.
- Dubet, François (2005). La escuela de las oportunidades. ¿Qué es una escuela justa? . Barcelona: Gedisa.
- Carbonell, Jaume (1996). La escuela entre la utopía y la realidad.. Barcelona: Euma-Octaedro.
- Delval, Juan (2002). La escuela posible. . Barcelona: Ariel.
- Torres, Jurjo (2011). La justicia curricular. El caballo de Troya de la cultura escolar. . Madrid: Morata.
- Merieu, Philippe (2001). La opción de educar. Ética y pedagogía.. Madrid: Octaedro.
- Martín Rodríguez, Eustaquio (1988). La supervisión educativa a la luz de las tradiciones y teorías científicas de la organización escolar. En Supervisión educativa (pp.47-67). . Madrid: Uned.
- Alonso, Alicia (2008). Las leyes educativas de la democracia. Descripción y contraste 1985-2006.. Acción educativa y Ministerio de Educación, Política Social y Deporte.
- Varela, Julia (2007). Las reformas educativas a debate. . Madrid: Morata.
- Delval, Juan (1990). Los fines de la educación. . Madrid: Siglo XXI.
- Torreblanca, José (coord.) (2002). Los fines de la educación. Una reflexión desde la Izquierda.. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Morin, Edgar (2001). Los siete saberes necesarios para la educación del futuro.. Barcelona: Paidós.
- Guerrero, Antonio (1996). Manual de sociología de la educación.. Madrid: Síntesis.
- Caride, J. Antonio e Meira, Pablo A. (1996). O diálogo paradigmático na Educación Social. Revista Galega de Educación, 27, 16-20.
- VV. AA. (2000). Pedagogías del siglo XX. . Barcelona: CISS-Praxis.
- Ayuste, Ana et al. (2005). Planteamientos de la Pedagogía Crítica: comunicar y transformar.. Barcelona: Graó.
- Makarenko, Antón S. (1967). Poema pedagógico.. Barcelona: Planeta.
- De Puelles, Manuel (2006). Problemas actuales de política educativa.. Madrid: Morata.

- Neill, Alexander S. (1974). Summerhill. Un punto de vista radical en la educación de los niños. . México: FCE.
- Freinet, Célestin (1992). Técnicas Freinet de la Escuela Moderna.. Madrid: Siglo XXI.
- Colom, Antoni J. e Núñez, Luis (2001). Teoría de la Educación. . Madrid: Síntesis.
- Negrín, Olegario e Vergara, Javier (2003). Teorías e Instituciones Contemporáneas de educación. . Madrid: ICE y Ramón Areces.
- Carbonell, Jaume (2008). Una educación para mañana.. Barcelona: Octaedro.
- Kaplún, Mario (1998). Una pedagogía de la comunicación. . Madrid: Ediciones de la Torre.
- Carr, Wilfred (1995). Una teoría para la educación. Hacia una investigación educativa crítica.. Madrid: Morata.
- VV. AA. (1995). Volver a pensar la educación. . Madrid: Morata e A Coruña: Paideia.



Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

1.- É obrigatoria a entrega da ficha de identificación persoal para todo o alumnado antes do 1 de novembro do ano en curso. 2.- Non se admitirán traballos dos que o profesor/profesora non teña constancia da súa realización. 3.- Os traballos, tanto en formato impreso coma dixital, presentaranse ben identificados (nome do alumno/alumna, curso, grupo, materia e nome do profesor/profesora). É aconsellable facer copia do orixinal que se entrega.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías